



CONTO



Érase unha vez un matrimonio que tiña unha filla un pouco rebelde chamada Inmaculada, aínda que todos lle chamaban Inma, tiña 14 anos e moitos amigos, entre eles encontrábanse Matías e Ana. Todos eses amigos eran un pouco conflitivos e pouco estudosos. Seus pais dicíanlle que non andara con esa xente, que era mellor estar soa que mal acompañada, dicíanllo para que non se volvera coma eles, pero era demasiado tarde porque ela xa se volvera conflitiva e pouco estudosa, non fixo caso e seguía indo xunto deles. Nese grupo había rapaces de todas as idades, máis pequenos e máis grandes ca ela.

O comezo do curso era un suplicio para Inma por iso de ter que estudar, pero érao máis para os seus pais, porque agora ía pasar o de todos os anos, que era crear conflitos e ter que ir ao instituto case todos os días. Chegou o día de empezar o instituto e non tiña ga-

nas, pero foi igual, porque só a poñía feliz iso de ver aos amigos. Cando apareceu pola porta e viu á súa amiga Ana, foi a saudala e díxolle que non tiña ganas de empezar, Ana respondeulle o mesmo, entón apareceu Matías e saudounas, deseguida tocou o timbre e foron para dentro. Cando chegaron dentro, déronse conta de que lles tocaba na mesma aula aos tres e puxéronse contentos; ademais era unha sorte porque dende 1º tocáralles sempre xuntos. Entraron na aula e empezaron a clase, despois de pasadas as tres primeiras horas saíron ao recreo e foron para o seu grupiño, estiveron todos falando e argallando algo para que ese primeiro día non fora tan aburrido, entón propuxéronllo a Inma para ver que lle parecía, díxéronllo a ela e non a outro porque dende había un tempo ela convertérase en alguén que «mandaba» nese grupo. A ela a idea parecíalle ben, entón levouse a cabo, cada un foi para un sitio, o único que tiña que facer Inma era gritar ilume! ilume! cando lle enviaran un sinal, de alí a uns minutos déronlle o sinal e gritou. Xunto dela veu o director e preguntoulle onde había o lume e ela díxolle que era no ximnasio, efectivamente del saía fume, entón o director tocou a alarma e todo o mundo saíu para o patio, e esperaron a que chegasen os bombeiros. Cando chegaron, foron mirar e non había lume, fora todo unha broma, o director mirou para un lado e para outro e preguntou quen fora, ninguén respondeu pero fixouse en que Inma e os eu grupiño se estaban a rir e díxolles que foran con el, chamáronlles á casa a todos. Cando chamaron á de Inma,

seus pais despois de se decatarse do que pasara suspiraron porque xa empezaba iso de ir xunto do director. Cando volveron todos para a casa, Inma xa sabía o que lle esperaba, entón sentou nunha cadeira e esperou a que seus pais lle botaran o sermón como ela dicía, despois subiu á súa habitación e fixo os deberes, máis tarde e sen permiso de seus pais foi para xunto dos seus amigos e cada un foi contando o que lle dixeran na casa.

Así coma o primeiro día, seguiu todo o curso con bromas, algunhas cachadas e outras non, e chegou a metade do curso e Inma seguía igual de bromista, ela e os outros. Un día seus pais, fartos de tantas chamadas do instituto, escapadas da casa... tomaron unha decisión que a Inma non lle ía gustar, que era cambiar de instituto e de cidade. Cando llo dixeron, ela púxose a rir porque iso díxéranllo moitas veces e nunca o fixeran, pero esta vez ía ser verdade. Ela correu para a súa habitación e o primeiro que fixo foi coller unha mochila e meter unha pouca roupa porque pensaba marchar da casa, non sabía para onde, pero a ela iso dáballe igual. Entón esperou a que seus pais estivesen distraídos e marchou. O que se lle ocorreu foi ir para xunto de Ana. Cando chegou á casa desta última contoulle todo e Ana quedou pasmada, entón Inma estivo agachada na casa de Ana por uns dous días, Ana estaba soa na casa, seus pais tiveran que ir á casa de súa avoa xusto por dous días. Eses dous días os pais de Inma non durmiron pensando no que lle pasaría; súa nai non paraba de botarse a culpa porque ela pensaba que a súa filla marchara por culpa de querer